



O debate da produtividade dos Fondos Europeos

Descrición

Mais sen dúbida, un dos factores clave do ingreso na UE foi a chegada dos Fondos Europeos. Mentres a política agraria (a coñecida como PAC), combinada coas políticas arancelarias comúns, permitiu a subsistencia de parte do sector primario nun contexto mundial crecentemente competitivo, as políticas estruturais permitiron reforzar e modernizar as redes de transportes e as infraestruturas, especialmente a partir da década dos noventa. A pesar destes logros, o deseño xeralista das políticas europeas, unido á falta de experiencia na planificación e xestión dos fondos, e xunto coa necesidade de execución do gasto para evitar a perda de recursos, tivo como resultados -entre outros- a proliferación de infraestruturas, edificios ou servizos cuxa utilidade non sempre foi ben resolta. A observación da anterior realidade deu pé á apertura do debate social, político e académico sobre a utilidade e eficiencia dos fondos. Así, un novo obxectivo foi configurándose como central na execución dos Fondos Europeos: a produtividade.

Ao mesmo tempo, o contexto de ampliación da UE provocou que estados coma o español visen minguada a cantidade de recursos asignados, fundamentalmente en favor de países como Polonia e os novos países entrantes. Neste contexto de redución de recursos para algúns dos países membros naceron as coñecidas como estratexias de especialización intelixente, cuxa natureza pretende precisamente acadar unha maior eficiencia e produtividade dos investimentos (cada vez máis escasos) dirixíndoos cara obxectivos específicos. E é que a literatura científica tamén viña reflectindo resultados dispares en canto á positividade ou non do impacto das políticas europeas. Unha mención especial neste sentido debería facerse respecto ao acontecido a nivel empresarial.

Se ben os estudos científicos adoitan consensuar que os fondos tiveron como efecto o aumento da capitalización das empresas, non se pode negar que a execución e a absorción dos mesmos por parte do tecido produtivo presentou algunhas ineficiencias e friccións. Nun territorio conformado en máis do 95% por pequenas e medianas empresas, o destino dos fondos acabou por ser moitas veces o de grandes empresas. Esta orientación das políticas non se pode illar completamente dunha realidade competencial que reserva ao Estado tarefas de coordinación e planificación dalgunhas políticas (un exemplo actual nesa dirección sería a capacidade de decisión estatal sobre proxectos estratéxicos, como os PERTE). Mais cómpre sinalar tamén nos últimos tempos veu prevalecendo a nivel de políticas e de literatura científica que a maior capacidade de absorción de recursos europeos por parte das compañías de maior dimensión redundaba nun mellor traslado a resultados (e produtividade) dos investimentos. Non obstante, esta orientación das políticas de innovación podería poñer en discusión, tal e como se defende no noso recente ensaio *“As fugas de recursos, mito ou realidade colonialista en Galicia?”* (Ed. Universidade de Vigo), aspectos como a (re)distribución dos recursos nos territorios para os que son destinados. A este aspecto, cabería engadir outras dúbidas que foi a aplicación dos fondos, como a mellora (ou falta) de competencia, ou a conveniencia estratéxica dos proxectos desenvolvidos.

Finalmente, xusto sería mencionar que, sen os Fondos Europeos, a situación económica sería peor. Entón, unha vez

iniciado o camiño da eficiencia e da produtividade destes recursos coas estratexias de especialización intelixente, resta seguir a dar pasos que nos permitan afondar nesa complexa senda. Para isto, é necesario coñecer as problemáticas de planificación, deseño, execución e absorción de impacto dos fondos. Con ese fin, sería preciso levar a cabo máis avaliacións de seguimento e *ex-post*. Unha tarefa non exenta de dificultades nunha economía global cada vez máis intrincada.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa

ETIQUETAS

Galicia Unión Europea Fondos Europeos

INVESTIGACION

Economía União Europeia

Data de creación

Junho 13, 2024

Metacampos

Autoría : 16967

Subtítulo : Artigo publicado orixinalmente en Nós Diario, o 4 de xuño do 2024